

PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS

PLAN DE COMUNICACIÓN DO PROXECTO BIOINCUBATECH. DIFUSIÓN, PROMOCIÓN E PUBLICIDADE DE FORMA CONTINUA E AMPLA CO FIN DE APOIAR A CONSECUCIÓN DOS PRINCIPAIS OBXECTIVOS DO PROXECTO BIOINCUBATECH

BioIncubaTech – Incubadora de Alta Tecnoloxía para o fomento da innovación e transferencia de biotecnoloxía no ámbito da saúde e as tecnoloxías alimentarias ás micropymes é unha operación cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional – FEDER dentro do Programa Operativo Plurirrexional de España FEDER 2014–2020 PO Proxecto "Incubadoras de alta tecnoloxía para o fomento da innovación e a transferencia da tecnoloxía ás micro pemes"

UNHA MANEIRA DE FACER EUROPA

1. OXECTO DO CONTRATO

Contratación de servizos profesionais externos para a difusión, promoción e publicidade de forma continua e ampla do proxecto BioIncubaTech co fin de apoiar a consecución dos seus principais obxectivos.

Situar o proxecto BIOINCUBATECH en internet, dar visibilidade e proxección internacional das actividades e accións a desenvolver, interactuar con persoas interesadas no proxecto, etc.... Xestión das contas oficiais nos principais servizos web para redes sociais.

2.- TAREFAS A DESENVOLVER

- Difusión, promoción e publicidade de forma continua e ampla das actividades, actos e servizos prestados polo proxecto Bioincubatech en calquera dos seus programas. Elaboración de notas de prensa e dossieres.
- Situar o proxecto BIOINCUBATECH en internet
- Dar visibilidade e proxección non só a nivel nacional senón tamén internacional ás actividades e accións a desenvolver
- Interactuar coas persoas interesadas no proxecto
- Xestión e coordinación das contas oficiais de redes sociais do proxecto, nos principais servizos web .

- Presentación pública das empresas e proxectos aceptados e participantes no proxecto Bioincubatech.
- Relación cos medios de comunicación, recopilar e facilitarlles a información que precisen.
- Mantemento e elaboración dos contidos das seccións de: noticias, eventos e taboleiro de anuncios da web <http://www.bioincubatech.com/>. A publicación deste contidos realizaranse previa aprobación dos mesmos polo persoal responsable de Bioincubatech.
- Elaboración e difusión dunha newsletter mensual.
- Deseño e elaboración de material promocional, que incluírá de forma xenérica, ademais da información que corresponda, os logos do proxecto, das entidades socias e de INCYDE. E, se procede, os datos de contacto do persoal de Bioincubatech. Entre o material promocional inclúese:
 - Folletos explicativos con información xeral de Bioincubatech e divulgación de actividades e accións específicas.
 - Papelería e material para seminarios, roldas de prensa, talleres, mesas, encontros, etc...
 - Cartas de presentación e invitacións a empresas biotecnolóxicas.
 - Banners a usar durante eventos e actos oficiais.
 - Roll ups para eventos puntuais e actos oficiais.
 - Desenvolvemento de materiais audiovisuais
- Deberá facerse especial énfase na publicidade dos seguintes programas que se levarán a cabo dentro do proxecto:
 - **Programa BIO-ARGOS**, dirixido a alumnado que curse o último ano dos seus estudos de grao, alumnado de posgrao, máster ou doutoramento, egresados das últimas promocións e a colaboradores ou persoal integrado en grupos de investigación.
 - **Erasmus empresa**, que ten como obxectivo fomentar o intercambio internacional de experiencias entre emprendedores (ou empresas nas súas fases iniciais) e empresas xa consolidadas, de modo que estas últimas reciban aos emprendedores de sectores aíns en estancias de oito semanas, divisibles en dous períodos.
 - **Bio-Galicia Summit**, congreso de biotecnoloxía nos ámbitos da saúde e tecnoloxías alimentarias, construíndo un formato de interese para o sector, en colaboración cos clústeres relevantes dos ámbitos da bioincubadora e con impacto internacional.

3. DESENVOLVEMENTO DO TRABALLO:

UNINOVA supervisará a execución dos traballos, comprobando que a realización dos mesmos se axusta ao establecido non presente prego, e cursará as ordes e instrucións que estime oportunas.

4. ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DO PROXECTO

Uninova designará unha persoa de contacto para o proxecto (pertencente a calquera das entidades socias do proxecto) que exercerá como representante da mesma e actuará como interlocutor e responsable do proxecto co adxudicatario.

Pola súa parte, o adxudicatario propondrá un equipo de traballo formado por persoas con perfís adaptados ás tarefas a desenvolver (especificadas neste prego).

5. PRAZOS

O prazo para a realización do traballo será ata o 31 de decembro de 2021

6. ORZAMENTO

O orzamento máximo para levar a cabo estes traballos é de **52.000 euros, IVE non engadido**.

7. PROPIEDAD INTELLECTUAL

O adxudicatario acepta expresamente que todos os documentos e resultados dos traballos realizados e a súa propiedade intelectual son propiedade de Uninova (proxecto Bioincubatech). Así mesmo, o adxudicatario renuncia a calquera dereito sobre estes conceptos e unicamente poderá facer uso deles como referencia para futuros traballos de idéntica natureza.

Santiago de Compostela, 04 de novembro de 2020

O Conselleiro Delegado

D. Vicente Pérez Muñuzuri